



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON10I0Q1	Expediente CON/24/2016	

15078DCON10I0Q10

**ACTA DA 1ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

LICITACIÓN: Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2016-17.

TIPO DE LICITACIÓN: 780.160,33 euros/curso máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 19 de xullo de 2016, ás 9:30 horas.

ASISTENTES:

Presidente: Dna. María Rozas Pérez

Vocais: D. Rafael Peña, representante do grupo CA.
D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.
D. José Manuel Rodríguez-Abella, xefe de Sección de Educación
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Tamén asisten representantes das empresas PUMBARIÑO, S.L e EUREST COLECTIVIDADES, S.L.

OFERTAS PRESENTADAS:

NÚMERO DE ORDE	DATA DE PRESENTACIÓN	NÚMERO DE REXISTRO	NOME DO LICITADOR
1	14-04-2016	35.352	PUMBARIÑO, S.L.
2	14-04-2016	35.371	SERUNION, S.A
3	15-07-2016 *	35.438	EUREST COLECTIVIDADES, S.L.

*Proposición recibida por correo

A mesa de contratación procede á verificación da presentación, por parte dos licitadores, da declaración responsable acreditativa do cumprimento das condicións establecidas legalmente para contratar coa administración, resultando que todos aportan a mencionada declaración.

A continuación a Mesa de Contratación procede á apertura pública dos sobres que conteñen os criterios de adjudicación NON avaliábles mediante cifras ou porcentaxes dos licitadores admitidos, resultando que a empresa SERUNION non presenta copia da súa documentación en formato dixital, acordando a mesa concederlle un prazo de tres días para subsanar esta deficiencia, para o que deberá aportar os dous CD'S requeridos no prego de aplicación.

A mesa acorda, en todo caso, e condicionada a esta subsanación, o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar o informe valorativo e os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios NON avaliábles mediante cifras.

Ás 9:48 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

**Vº E PRACE
A PRESIDENTA DA MESA**





<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I0Q1	<i>Expediente</i> CON/24/2016	

15078DCON10I0Q10



ACTA DA 2ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2016-17.

TIPO DE LICITACIÓN: 780.160,33 euros/curso máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 28 de xullo de 2016, ás 9:19 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Dios Diz.

Vocais: D. Rafael Peña, representante do grupo CA.

D. Alejandro Sánchez-Brunete, representante do grupo PP.

D. José Manuel Rodríguez-Abella, xefe de sección de educación.

Dña. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.

D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Toma a palabra en primeiro término o representante do grupo municipal popular, D. Alejandro Sánchez Brunete, para manifestar a súa preocupación polo feito de que a empresa mellor valorada no informe que hoxe se presenta, e, en consecuencia, posible adxudicataria, resulta ser unha das que renunciou no seu día a asumir o servizo unha vez proposta como adxudicataria, na licitación aberta tramitada coa finalidade de xestionar os comedores escolares do curso pasado.

Lembra que, a proposta da mesa no seu día constituída, iniciouse un expediente contradictorio para dilucidar as responsabilidades que poderían derivarse do incumprimento das obrigas como licitador da empresa SERUNIÓN. Esta circunstancia determinou que o servizo tivera que prestarse durante meses sin cobertura contractual, aínda máis, asumindo ela esta prestación por un prezo máis alto que o que recollía a súa oferta, cando no escrito presentado en explicación da súa renuncia, alegou que non lle resultaba posible asumir o servizo por que, ó non ser proposto como adxudicatario inicial, abríu outras vías negocio que lle facían imposible compatibilizar o novo contrato. Isto é, resúltalle imposible asumir o servizo polo prezo que comprometía na súa oferta, pero non se se lle abonaba máis polo seu traballo.

En definitiva, quere deixar constancia na acta desta reunión da mesa, que o seu grupo non ten coñecemento da conclusión do mencionado expediente, o que lle parece de extrema importancia xa que, dada a gravidade dos feitos, entenden que estas circunstancias, tal e como foron relatadas, poderían incluso dar lugar a unha declaración de prohibición de contratar desta empresa co Concello, afectando polo tanto á licitación en curso.

Verifícase seguidamente a presentación pola empresa SERUNIÓN das dúas copias da súa documentación en formato dixital dentro do prazo de tres días que lle fora concedido.

A Mesa de Contratación procede entón ó exame dos informes valorativos realizados sobre os criterios de adxudicación NON avaliábeis mediante cifras ou porcentaxes no que se da conta das puntuacións acadadas por cada licitador e se poñen de manifesto ós presentes na reunión. Estes informes acompañanse á presente acta e conta co voto favorable de todos os membros da mesa.



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I0Q1	<i>Expediente</i> CON/24/2016	

15078DCON10I0Q10



Finalmente, acórdase convocar a apertura do sobre que contén a documentación acreditativa dos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras ou porcentaxes para o vindeiro martes día 2 de agosto.

Ás 9:34 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA

O SECRETARIO DA MESA





Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON10I0Q1	Expediente CON/24/2016	

15078DCON10I0Q10

**ACTA DA 3ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN**

LICITACIÓN: Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2016-17.

TIPO DE LICITACIÓN: 780.160,33 euros/curso máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 2 de agosto de 2016, ás 9 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Dios Diz.

Vocais: Dna. María Rozas representante do grupo CA.
Dna. María Corral, representante do grupo PP.
D. Xosé Manuel Rodríguez Abella, xefe de sección de educación.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Procédese á apertura dos sobres que conteñen a documentación xustificativa dos criterios de adjudicación avaliados mediante cifras dos distintos licitadores admitidos, que ten como resultado o seguinte:

Nº DE ORDE	NOME DO LICITADOR	Canon ofertado	PREZO OFERTADO (almorzo euros IVA excluído)	PREZO OFERTADO (xantar euros IVA excluído)
1	SERUNION, S.A	0,10 %	1,83	5,02
2	EUREST COLECTIVIDADES, S.L.	5,88 %	1,83	5,03

Rematada a apertura de todos os sobres cos criterios obxectivos, a mesa acorda o traslado desta documentación ós técnicos municipais ós efectos de realizar os cálculos das puntuacións correspondentes a cada licitador sobre os devanditos criterios así como a puntuación final acadada por cada un deles en todo o proceso licitatorio.

Ás 9:14 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA

O SECRETARIO DA MESA



Dependencia CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
Documento CON10I0Q1	Expediente CON/24/2016	

15078DCON10I0Q10



ACTA DA 5ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2016-17.

TIPO DE LICITACIÓN: 780.160,33 euros/curso euros máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto

LUGAR, DATA E HORA: Sección de Contratación, Rúa Presidente.Salvador Allende, nº 6-8, 11 de agosto de 2016 ás 10 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Dios Diz.

Vocais: Dna. Concepción Fernández, representante do grupo CA.
Dna. María Corral, representante do grupo PP.
D. Rubén Cela, representante do BNG.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

Toma a palabra en primeiro término Dna. María Corral, representante na mesa do grupo municipal popular, para deixar constancia da súa disconformidade coa redacción da acta da reunión anterior.

Transcurrida a mesma na súa maior parte e levada a cabo polo redactor do informe de valoración de ofertas a lectura e explicación do mesmo, nunca se chegou a dar copia deste os membros da mesa nin se realizou a lectura das conclusións finais. Todo isto ocorreu de xeito natural e sen que pretenda afirmar que houbo unha vontade consciente de excluíla, pero o certo é que suscitado o debate o respecto das repercusións da renuncia da empresa SERUNIÓN como así consta na acta anterior, deuse por finalizada a reunión e se lle pediu que abandonara a sala para tomar unha decisión sobre este tema "fora" da mesa. E por isto que entende que se deu por feito que a proposta definitiva de adxudicación adoptouse na súa presenza cando isto non se axusta á realidade.

Entendendo os restantes membros da mesa que, efectivamente, a confianza coa que se celebran as reunións pode dar lugar ás veces a estas disfuncións e constando as desculpas á Sra. Corral do presidente e do secretario, e contando xa agora coa redacción definitiva do informe, toma coñecemento do acordado.

Así mesmo, o presidente da mesa quere deixar constancia de que existe un compromiso de aclarar as posibles consecuencias da renuncia no seu día da empresa SERUNIÓN, pero que a premura coa que se desenvolve a licitación e o período vacacional no que nos atopamos fai imposible afrontar agora a súa resolución. Dado que consta a solicitude de informe a este respecto da intervención municipal, o director da asesoría xurídica informa verbalmente que non existe inconvinte en acordar a adxudicación do contrato neste intre, xa que as posibles responsabilidades que se puideran derivar da resolución do expediente a SERUNIÓN poderían facerse efectivas sen dificultade nun momento posterior, aínda no caso último de que del resultara unha inhabilitación para contratar e subseguinte resolución deste contrato

Finalmente, os membros da mesa de contratación, logo de analizar a documentación acreditativa da solvencia económica e técnica así como da capacidade de obrar presentada polo licitador proposto como adxudicatario, SERUNIÓN SA, consideran acreditada a mesma, e polo tanto ratifican a proposta de adxudicación acordada na anterior sesión desta mesa de contratación a favor do mencionado licitador.

Ás 10.30 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA





<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servizos 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I0Q1	<i>Expediente</i> CON/24/2016	

15078DCON10I0Q10



ACTA DA 4ª REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN

LICITACIÓN: Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para centros de educación infantil e primaria dependentes do concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2016-17.

TIPO DE LICITACIÓN: 780.160,33 euros/curso máis IVE.

PROCEDEMENTO: Aberto.

LUGAR, DATA E HORA: Sección de contratación, Rúa Presidente Salvador Allende, nº 6-8, 2 de agosto de 2016, ás 10:40 horas.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Dios Diz.

Vocais: Dna. María Rozas representante do grupo CA.
Dna. María Corral, representante do grupo PP.
D. Xosé Manuel Rodríguez Abella, xefe de sección de educación.
Dna. Inmaculada Viña Carregal, interventora xeral municipal.
D. Xaquín Monteagudo Romero, director da asesoría xurídica municipal.

Secretario: D. Román Otero Ferreiro, xefe de sección de contratación.

A mesa de contratación procede á análise do informe valorativo final sobre os diferentes criterios de adxudicación que se recollen no prego de condicións que rexe esta licitación, informe no que se reflicten os cálculos das puntuacións parciais e totais dos distintos licitadores admitidos e que se acompaña á presente acta.

Da análise do referido informe despréndese que quen acada a máxima puntuación no proceso licitatorio e, consecuentemente, é a oferta economicamente máis vantaxosa das presentadas é o licitador SERUNION, S.A.

Antes da finalización da reunión, toma a palabra a representante na mesa do grupo municipal popular, para reiterar a súa preocupación, xa manifestada anteriormente, polo feito de que a empresa SERUNIÓN, finalmente proposta como adxudicataria, teña pendente de resolución, entenden, de acordo coa información da que dispoñen, un expediente dirixido a analizar as implicacións da súa renuncia a adxudicación unha vez propostos nunha licitación anterior deste mesmo servizo.

Nesta mesma liña, a interventora xeral municipal require, con carácter previo a adxudicación deste contrato, a emisión dun informe e a súa incorporación o actual procedemento, sobre a situación actual do referido expediente e a súa incidencia sobre esta licitación.

Finalmente, e conformidade cos termos do antedito informe de valoración de ofertas, a mesa de contratación, **ACORDA:**

Trasladar ao Sr. Alcalde o resultado desta licitación, ós efectos de que, dentro das súas competencias, resolva requirir ó licitador **SERUNION SA**, que acadou a máxima puntuación no procedemento e oferta un **canon** a abonar ó Concello de **0,10%**, e un prezo para o **almorzo** de **1,83 euros** (IVA excluído) e para o **xantar** de **5,02 euros** (IVA excluído), para que dentro do prazo de 10 días hábiles a contar desde o día seguinte ó da recepción do requirimento, acredite contar coa esixible solvencia técnica e económica, coa necesaria capacidade de obrar, e xustifique documentalmente estar ó corrente no cumprimento das



<i>Dependencia</i> CON.- Negociado de Contratación de Obras e Servicios 100.- JMIC		
<i>Documento</i> CON10I0Q1	<i>Expediente</i> CON/24/2016	



súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e proceda ó aboamento da fianza, taxas e timbres municipais correspondentes.

Ás 11:05 horas levántase a sesión. Eu, como secretario, dou fe.

Vº E PRACE
O PRESIDENTE DA MESA

O SECRETARIO DA MESA



**SERVIZO DE CATERING E DE PERSOAL MONITOR/COIDADOR DE COMEDOR ESCOLAR PARA CENTROS DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA DEPENDENTES DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA DURANTE O CURSO ESCOLAR 2016-2017.
CON/24/2016**

INFORME TÉCNICO RELATIVO AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS

Emítese Informe relativo aos criterios avaliados mediante cifras, referido aos apartados 1 e 2 do Prego de Cláusulas Administrativas, das ofertas admitidas para a licitación do *Servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os centros de educación infantil e primaria dependentes do concello de Santiago de Compostela, durante o curso escolar 2016-17.* Expediente CON/24/2016

1.- OFERTAS ADMITIDAS

As ofertas que son obxecto de valoración neste informe son as seguintes:

NOME EMPRESA	ENDEREZO FISCAL	CIF
EUREST COLECTIVIDADES	Rúa Pinar de San José, 98. 1ª planta. 28054 Madrid	B80267420
SERUNION S.A.	Camiño Caramuxo, 55. 36213 Vigo (Pontevedra)	A 59376574

2.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS

O presente informe elabórase de acordo cos criterios de adxudicación avaliados mediante cifras dos apartados 1 e 2 da cláusula 10.3 do Prego de Condicións Administrativas particulares que rexe esta licitación.

Os criterios que serviron de base para o Informe que se subscribe, son os seguintes:

1.- Proposición económica que se ofrece: ata 50 puntos.

1,1.- De acordo co Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta licitación outorgouse a máxima puntuación á oferta economicamente máis favorable para o Concello,



valorándose a outra de xeito inversamente proporcional. As empresas clasificáronse por orde de mellor a peor, seguindo o criterio de "prezo máis baixo da oferta". Obtida a orde de prelación das dúas ofertas segundo este criterio, outorgouse a máxima puntuación de 48 puntos á oferta máis baixa e aplicouse á segunda oferta a seguinte fórmula para calcular a súa puntuación:

$$P_n = (P_m \times O_b) / O_n$$

Onde:

- P_n: Puntuación da oferta
- P_m: Puntuación máxima posible (48 puntos)
- O_b: Importe da oferta máis baixa
- O_n: Importe da oferta a puntuar

As ofertas económicas das empresas neste apartado, son as seguintes:

NOME EMPRESA	Almorzo Oferta da empresa sen IVE	Xantar oferta da empresa sen IVE	TOTAL Sen IVE
EUREST COLECTIVIDADES S.L.	1,83	5,03	6,86
SERUNION S.A.	1,83	5,02	6,85

A empresa Serunión S.A. é a que presenta a oferta económica máis baixa, polo que en aplicación do disposto no prego obtén a máxima puntuación, que é de 48 puntos.

O resultado da aplicación da fórmula ao seguinte licitador participante, por orde de mellor a peor, é a que se expresa a continuación:

Eurest Colectividades S.L.

$$P_n: 48 \times 6,85 / 6,86 = 47,93 \text{ puntos}$$

1.2.- Canon anual proposto:

Outorgáronse 2 puntos á mellor porcentaxe de canon ofertado a aboar ao concello, valorándose a segunda oferta de xeito directamente proporcional. Polo tanto:

NOME EMPRESA	OFERTA CANON	PUNTOS
EUREST COLECTIVIDADES	5,88%	2
SERUNION S.A.	0,10%	0,03



RESUME DE PUNTUACIÓN DO APARTADO 1. PROPOSICIÓN ECONÓMICA:

	OFERTA ECONÓMICA MÁIS FAVORABLE	CANON	Cadro resume de puntuacións da proposición económica
SERUNION S.A.	48	0,03	48,03
EUREST COLECTIVIDADES	47,93	2	49,93

2.- Melloras: ata 22 puntos

De acordo co Prego de Cláusulas administrativas que rexen este contrato, "...as melloras propostas polos licitadores deberán ser valoradas a través de orzamento detallado, factura pro-forma ou, no seu defecto, mediante unha cifra debidamente xustificada por outro medio. Aquelas melloras que non podan ser valoradas economicamente serán rexeitadas".

2.1.- Sistema de control de presenza. (De 0 a 8 puntos).

Valorouse a oferta dun sistema de control mediante soporte electrónico tipo PDA, Blackberry que garantice o control individualizado de presenza diaria do alumnado usuario de comedor. Outorgouse a puntuación máxima de 8 puntos á oferta que supón unha repercusión económica máis favorable e a segunda de xeito directamente proporcional.

Oferta Serunion:

10 Tablet (Samsung Galaxy) e 10 Smartphone Android

Importe total de 6.102,03 € (con IVE).

Oferta Eurest Colectividades:

10 Portátiles Celeron, co conexión 3G con uso para portal web.

10 App para pais IOS/Android

10 lectores RFID

10 tarxetas RFID

1 Impresora de tarxetas

Importe total de 14.409,40 € (con IVE)

Resume de puntos:

NOME EMPRESA	Sistema de control de presenza (importe en €)	PUNTOS
EUREST COLECTIVIDADES	14.409,40 €	8
SERUNION S.A.	6.102,03 €	3,39



2.2.- Implementación de vaixela de vidro templado e barquetas de aceiro para o transporte de comida, para todos os centros obxecto do contrato. (De 0 a 8 puntos).

A empresa Serunion ofrece de acordo coa mellora 2.2. a implementación de vaixela de vidro templado para todos os usuarios de comedor así como a utilización de barquetas de aceiro para o transporte da comida desde a cociña central ata os comedores escolares. Inclúen tamén xogos de reposición de cada un dos elementos dos que se farán cargo ao longo do curso escolar 2016-17. O importe do investimento é de 10.112,58 €

A empresa Eurest Colectividades S.L. ofrece a implementación de barquetas de aceiro inoxidable con tapa térmica para todos os centros obxecto do contrato, pero non a vaixela de vidro templado que se recolle nos criterios de valoración das melloras.


A mellora, a criterio da mesa de contratación é única, só se pode admitir na súa integridade, polo tanto ao non ofrecer a vaixela coas características definidas no prego, enténdese que deste xeito coa oferta presentada non se cumpre a mellora, polo que non se valora.

NOME EMPRESA	Oferta vaixela e cubetas de aceiro (importe en €)	PUNTOS
EUREST COLECTIVIDADES	---	0
SERUNION S.A.	10.112,58 €	8

2.3.- Formación do persoal. De 0 a 6 puntos.

Valorouse a implementación dun programa de formación complementario do persoal adscrito ao servizo (monitorado e coordinadores/as de comedor), a impartir no curso escolar 2016-17, establecéndose unha puntuación máxima de 6 puntos por 80 horas de formación.

NOME EMPRESA	FORMACIÓN DO PERSOAL (OFERTA Nº HORAS)	PUNTOS
EUREST COLECTIVIDADES	80 horas	6
SERUNION S.A.	100 horas	6



Resume de puntuacións dos criterios avaliados mediante cifras, (apartados 1 e 2), das ofertas presentadas para a licitación polo concello de Santiago de Compostela para contratar o Servizo de xestión do servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os centros de educación infantil e primaria dependentes do concello de Santiago de Compostela, durante o curso escolar 2016-17. Expediente CON/24/2016

NOME EMPRESA	PROPOSICIÓN ECONÓMICA	MELLORAS	TOTAL PUNTOS CRITERIOS AVALIADOS MEDIANTE CIFRAS
EUREST COLECTIVIDADES S.L.	49,93	14	63,93
SERUNION S.A.	48,03	17,39	65,42

De acordo co exposto neste Informe, Serunion S.A. é a empresa con maior puntuación final dos criterios avaliados mediante cifras ou porcentaxes, apartados 1 e 2, das ofertas admitidas para a licitación polo concello de Santiago, mediante procedemento aberto, do "Servizo de Catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os centros de educación infantil e primaria dependentes do concello de Santiago de Compostela, durante o curso escolar 2016-17 (CON/24/2016). Como resultado da suma das puntuacións dos apartados obxecto deste Informe, esta empresa obtén un total de 65,42 puntos.

Proposta:

Propónse a remisión deste Informe á Mesa de Contratación para os efectos oportunos.

O Xefe do Departamento de Educación
Asdo.: Xosé M. Rodríguez-Abella Gómez

Santiago de Compostela a 2 de agosto de 2016

A Técnico de Educación
Asdo.: Beatriz Varela Morales

Resume de puntuacións dos criterios avaliábeis e non avaliábeis mediante cifras, das ofertas admitidas para a licitación polo concello de Santiago de Compostela para contratar o *Servizo de xestión do servizo de catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os centros de educación infantil e primaria dependentes do concello de Santiago de Compostela, durante o curso escolar 2016-17.* Expediente CON/24/2016

NOME EMPRESA	A) Criterios que dependen dun xuízo de valor	B) Criterios valorables mediante cifras ou porcentaxes	Total puntos
EUREST COLECTIVIDADES S.L.	56	63,93	119,93
SERUNION S.A.	65,5	65,42	130,92

Como resultado da valoración dos criterios que dependen dun xuízo de valor e aqueles valorables mediante cifras ou porcentaxes, resulta que **Serunion S.A.** é a empresa con maior puntuación total das ofertas admitidas para a licitación polo concello de Santiago, mediante procedemento aberto, do "Servizo de Catering e de persoal monitor/coidador de comedor escolar para os centros de educación infantil e primaria dependentes do concello de Santiago de Compostela, durante o curso escolar 2016-17. CON/24/2016, cun total de **130,92 puntos**.

Proposta:


Proponse a remisión deste Informe á Mesa de Contratación para os efectos oportunos.

Santiago de Compostela a 2 de agosto de 2016



O Xefe do Departamento de Educación
Asdo.: Xosé M. Rodríguez-Abella Gómez

A Técnico de Educación
Asdo.: Beatriz Varela Morales





CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DO SERVIZO DE COMEDORES ESCOLARES PARA OS CEIP DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA. CURSO ESCOLAR 2016-17

INFORME TÉCNICO RELATIVO AOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS

- Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2016 -

Redáctase o presente informe por solicitude da Mesa de Contratación encargada de valorar as ofertas presentadas para a contratación da xestión do servizo de comedores escolares nos CEIP do concello de Santiago para o curso escolar 2016-17.

1.- OFERTAS PRESENTADAS

As ofertas presentadas para a contratación, mediante procedemento aberto, do servizo de comedores escolares para os centros de educación infantil e primaria dependentes do concello de Santiago de Compostela durante o curso escolar 2016-17, son as seguintes:

NOME EMPRESA	ENDEREZO FISCAL	CIF
PUMBARIÑO S.L.	Ctra. de Ourense nº 4 – A San Pedro da Mezquita 32838 A Merca Ourense	B32419137
EUREST COLECTIVIDADES S.L.	Rúa Pinar de San José, 98, 1ª planta 28054 Madrid	B80267420
SERUNION S.A.	Camiño Caramuxo, 55 36213 Vigo (Pontevedra)	A59376574

2.- CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS

O presente informe elabórase de acordo cos criterios de adxudicación non avaliados mediante cifras, no que se refire aos apartados B e C da cláusula 10.3 do Prego de Condicións Administrativas particulares que rexen esta licitación, posto que o servizo a contratar require considerar outros aspectos, ademais do económico. Para o apartado A, achégase Informe da profesora de Nutrición e Bromatología, Departamento de Química Analítica e Alimentaria, da Universidade de Vigo (Campus de Ourense), Sra. Julia de La Montaña Miguélez.

Os criterios que serviron de base para o Informe que se subscribe, son os seguintes:

Letra	Criterios	Puntos
B	Programa de promoción da saúde, promoción de hábitos alimentarios saudables e do desenvolvemento das habilidades persoais do alumnado do comedor, con indicacións dos medios persoais para cada unha das actividades programadas.	0- 16 puntos
C	Accións en prol do coñecemento do servizo pola comunidade educativa.	0-6 puntos

B) PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE, PROMOCIÓN DE HÁBITOS ALIMENTARIOS SAUDABLES E DO DESENVOLVEMENTO DAS HABILIDADES PERSOAIS DO ALUMNADO DE COMEDOR, CON INDICACIÓN DOS MEDIOS PERSOAIS PARA CADA UNHA DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS

De acordo co establecido no prego de cláusulas administrativas que rexe esta licitación:

Valorarase a oferta de actividades educativas que deberán ir dirixidas ás especiais características do servizo de comedor e de madrugadores, en función dos diferentes ciclos educativos que cursan os usuarios do servizo, así como fornecer aos pais/nais ou titores dos usuarios de información sobre o servizo prestado.

*Valorarase a calidade, orixinalidade, carácter educativo, lúdico, innovador e continuado do programa de promoción da saúde, promoción de hábitos alimentarios saudables e do desenvolvemento das habilidades persoais, de convivencia e de tolerancia do alumnado do comedor. Ata un máximo de **16 puntos**, repartidos do seguinte xeito:*

Ata 10 puntos, pola orixinalidade, carácter educativo, lúdico, innovador e creativo do programa.

Ata 6 puntos, polo seu carácter continuado e non ocasional ao longo de todo o curso escolar.

Para a valoración dos programas contemplados neste apartado, as empresas tiñan que incluír, cando menos, os seguintes aspectos:

- *Nome do programa.*
- *Entidade organizadora do programa.*
- *Descrición das actividades que se desenvolven no mesmo.*
- *Programación diaria, semanal e mensual das actividades a desenvolver, especificando o referido ao horario do almorzo e o referido ao horario do xantar, así como idades do alumnado ás que vai dirixida cada unha das propostas.*
- *Descrición do persoal encargado do seu desenvolvemento, con referencia expresa ao número, ao horario de dedicación presencial e á súa cualificación.*
- *Descrición do material que se achegue ao alumnado usuario do comedor para o desenvolvemento do programa.*

EMPRESA PUMBARIÑO S.L.

Nome do programa:

O programa proposto por esta empresa leva por título "Compostela a bocados".

Entidade organizadora do programa: Pumbariño S.L..

Descrición das actividades e programación diaria, semanal e mensual das actividades a desenvolver:

Inicia a exposición deste apartado expoñendo os dous entornos educativos diferenciados sobre os que se van desenvolver o programa: un tempo dedicado á promoción de hábitos de autonomía persoal e un espazo para xogos de patio e tempo libre, facendo fincapé no papel do monitorado como axentes de saúde para a correcta adquisición de hábitos de autonomía persoal e de alimentación en cada etapa educativa e idade.

Valoran que os servizos de madrugadores e de comedor son idóneos para a aprendizaxe de comportamentos sociais, a educación ambiental e o tratamento de residuos, así como para a adquisición de hábitos de hixiene ligados á alimentación.

Tendo en conta que o xogo e a actividade libre son momentos clave no desenvolvemento nestas idades, o proxecto educativo que presentan fai fincapé en diferentes propostas formativas arredor do uso do tempo de patio, propoñendo tanto obradoiros como dinámicas de aprendizaxe lúdica, convertindo este espazo nun lugar favorecedor da convivencia. Orientacións todas elas que redundan na necesidade dunha formación específica dos monitores/as que presten o servizo.



Recóllense os obxectivos xerais e específicos que deben contemplarse neste programa de conciliación da vida laboral e familiar e de aprendizaxe de hábitos saudables e de normas básicas arredor deste programa educativo.

Inclúe tamén contidos de traballo arredor da educación para a saúde, a convivencia e o ocio, cunha metodoloxía de traballo na que se integran experiencias, actividades e xogos co obxectivo de lograr un desenvolvemento integral dos nenos/as participantes.

Organizan o programa para o seu desenvolvemento durante todo o curso escolar (de acordo coa Orde de 17 de xuño de 2016, do calendario escolar para o curso 2016-17) así como cunha temporalización mensual e diaria, profusamente recollida ao longo das páxinas 12, 19 a 28 e anexos.

Como xa se recolle ao principio do descritor do programa que presenta esta empresa, as actividades desenvólvense en dous ámbitos referidos ao tempo de comedor e os períodos anteriores e posteriores á comida, adaptadas aos diferentes ciclos evolutivos.

Os proxectos para todo o curso escolar concréntanse en:

- Hábitos alimentarios e de hixiene no comedor escolar (páx. 19 a 21), diferenciando as etapas evolutivas de educación infantil e primaria como as mellores para a adquisición de bos hábitos alimentarios, incorporando actitudes e comportamentos axeitados desde a transversalidade. Definen obxectivos, contidos, unha metodoloxía para a súa implementación, actividades, temporalización e avaliación. Entre as actividades contémlense a correcta utilización de utensilios, lavado de mans, cepillado de dentes, actitude postural, ambientación do comedor, por citar algunhas.
- Reciclaxe para a rede de comedores (pax, 21 a 23). Como continuación do apartado anterior e coa mesma estrutura desenvólven este proxecto - dirixido polos coordinadores/as de monitores - mediante a colocación de caixas de recollida no propio espazo de comedor e noutros departamentos didácticos dos centros de ensino que queiran colaborar. Propoñen a participación nun concurso de reciclaxe da autoría de *Terracycle* (compañía que se dedica a tratar un por un os residuos, transformalos en nova materia prima e a partir dela fabricar todo tipo de produtos), para a recollida selectiva de residuos en todos os comedores. Algunhas das propostas teñen que ver coa realización de caixas para a recollida do material de escritura, elaboración de cartelería respecto de normas para a reciclaxe de residuos.

Os proxectos e actividades de frecuencia mensual e diaria, explícanse moi polo miúdo mes a mes e día por día de acordo cos diferentes centros de interese, con indicación de obxectivos e destinatarios dos

mesmos (infantil e primaria), atendendo ao tempo de madrugadores e ao tempo de comedor, tal e como se pide no prego administrativo. Cómpre deixar constancia da exhaustividade e claridade na exposición deste apartado (pax. 23 a 28 e 31 a 50).

Persoal encargado do desenvolvemento das actividades, con referencia expresa ao número, ao horario de dedicación presencial e a súa cualificación.

No apartado de recursos humanos debemos salientar a creación dunha comisión interdisciplinar de coordinación pedagóxica con funcións de elaboración da programación do servizo de comedores e madrugadores, revisión, seguimento e control do proxecto educativo. A tal efecto recollen no anexo 1 da proposta a súa composición que estaría integrada por cinco profesionais con formación en educación, nutrición e tempo libre. Non obstante chama a atención que nun órgano de programación como o proposto non se recolla ningún protocolo nin proposta de coordinación co Departamento de Educación do concello, responsable da organización e o seguimento do proxecto educativo de madrugadores e comedores escolares para os dez centros de ensino públicos.

Achégase un organigrama de persoal para o servizo, con indicación de horas de contrato e número de coordinadores e de monitores/as en cada centro. Respecto das funcións do persoal remítense á cláusula específica do prego de prescricións técnicas que rexe este contrato.

Descrición do material que se achegue ao alumnado usuario do comedor para o desenvolvemento do programa.

No tocante ao recursos materiais recóllense clasificados como materiais deportivos, funxibles e non funxibles, sinalando que todos eles cumprirán coa normativa europea de seguridade incluso coa indicación de que serán aptos para os nenos/as alérxicos e con intolerancias. O tipo de materiais que se especifican parécenos apropiados e cunha diversidade notable.

	PUNTOS PUMBARIÑO
<i>Pola orixinalidade, carácter educativo, lúdico, innovador e creativo do programa. (ata 10 puntos)</i>	7,00
<i>Polo seu carácter continuado e non ocasional ao longo de todo o curso escolar. (Ata 6 puntos)</i>	4,50
TOTAL PUMBARIÑO	11,50



SERUNION S.A.

Nome do programa: "Serunion Educa".

Entidade organizadora do programa: Serunión, S.A.

Descrición das actividades e programación diaria, semanal e mensual das actividades a desenvolver:

O proxecto educativo que presenta esta empresa, atende tres áreas básicas de actuación: educación para a saúde, educación para a convivencia e educación para a sustentabilidade, pensado para converter o comedor escolar nun espazo lúdico e educativo, no que a propia alimentación así como as actividades de tempo libre anteriores e posteriores xustifican o desenvolvemento deste programa de conciliación para as familias.

Sinalan que os servizos combinarán unha alimentación saudable con actividades educativas, facendo dos dous espazos principais, o comedor e o patio, lugares idóneos para a transmisión e o reforzo de bos hábitos nutricionais, de hábitos de responsabilidade, cooperación e respecto mútuo, así como de concienciación arredor do medio ambiente, a reciclaxe e o aproveitamento dos recursos.

De maneira exhaustiva apuntan os obxectivos do programa para o alumnado e tamén para o monitorado, explicitando os contidos que se desenvolverán ao longo dos meses e a incidencia destes na consecución de novas actitudes que teñen que ver coa incorporación de hábitos axeitados de alimentación e hixiene, control do consumo de determinados alimentos, actitudes na mesa, autonomía no aseo e na alimentación, aceptación das normas de comportamento, participación positiva nas tarefas cotiás e expresión dos gustos alimentarios propios.

No referido á metodoloxía a seguir na promoción do valor educativo do servizo de comedor, organizan unha serie de programas, proxectos e actividades para a consecución dos obxectivos expostos, de acordo coa seguinte estrutura:

- Programa de promoción de hábitos alimentarios e das habilidades persoais do alumnado, con tres proxectos: bos hábitos e saúde; actividades e hábitos relacionados cos alimentos e educación ambiental (pax. 8 a 19).

Neste apartado recóllense algúns exemplos de actividades con descrición de obxectivos, periodicidade (trimestral, bimestral, mensual ou diaria, segundo o caso), a duración, o material, monitorado (de acordo coa ratio 1/15 para alumnado de educación infantil e 1/18 para alumnado de educación primaria) e dinámica da actividade.

- Actividades para o tempo de ocio: xornadas gastronómicas temáticas; proxecto "O patio do meu cole é particular"; xogos tradicionais e ligas



deportivas.

Coas actividades propostas que tamén inclúen obxectivos, periodicidade, persoal, duración, material e dinámica da actividade, buscan que os participantes descubran menús da gastronomía propia, coñezan a identidade e xogos da cultura popular de Galicia como alternativas atractivas para o tempo de ocio, promovendo a actividade física, a práctica de deportes alternativos e a participación do maior número posible de nenos e nenas.

- Actividades temáticas complementarias: Día do Celíaco e Día do Diabético.

Para este apartado propoñen en colaboración coas asociacións respectivas –A Asociación de Nenos e Nenas con Diabete de Galicia (ANEDIA) e a Federación de Asociación de Celíacos de España (FACE)- a realización de actividades arredor destas enfermidades, con achega de materiais didácticos así como a degustación dun menú apto para diabéticos e para celíacos, coa pretensión de sensibilizar a todos os usuarios con esta problemática.

Inclúense así mesmo exemplos de programación mensual para madrugadores (no tramo de educación infantil (de 3 a 5 anos) e de comedor para o alumnado de primaria (de 6 a 12 anos). Así mesmo sinálase que o servizo de madrugadores e de comedor dispoñerá da súa propia programación e que tanto o grupo de primaria como o de infantil de cada centro, realizarán o mesmo día a mesma actividade, aínda que os contidos de cada unha, estarán adaptados ás diferentes idades dos nenos e das nenas participantes.

Como remate deste apartado, inclúen un epígrafe respecto da avaliación do proxecto educativo “Seunion Educa” cada curso escolar, no que co apoio do monitorado participante no programa, terá como obxectivo realizar unha análise avaliativa de todas as accións desenvolvidas para coñecer o cumprimento dos obxectivos previstos e aquelas modificacións que sexa necesario realizar. Incluindo tamén o grao de satisfacción dos nenos e nenas participantes así como dos seus pais e nais.

Persoal encargado do desenvolvemento das actividades, con referencia expresa ao número, ao horario de dedicación presencial e a súa cualificación.

O papel dinamizador do monitorado ten moita relevancia xa que este persoal especializado programa e realiza todas as actividades que teñen que ver coa promoción de hábitos saudables e a adquisición de valores e actitudes básicas dos nenos/as participantes. Neste senso o servizo de comedor asociado ao desenvolvemento integral do alumnado, sinalan que é determinante para a súa calidade e para unha boa organización, planificación e o desenvolvemento das actividades contempladas durante o tempo de realización dos servizos. A empresa fai notar que conta cun equipo de educadores, pedagogos, monitores e coordinadores profesionais con preparación suficiente para afrontar a programación e o desenvolvemento do proxecto educativo de comedor e de madrugadores.

Ao longo de todo apartado B, co obxecto de aproveitar o poder socializador do espazo de comedor así como o valor educativo do tempo de lecer e o xogo, o monitorado de comedor e de patio, traballará con esta perspectiva e así aparece recollido nos diferentes exemplos de actividades que se van describindo, con indicación de ratios por monitor atendendo a cada grupo de idade (infantil e primaria). Así e todo logo dunha lectura global deste apartado cremos que deberan concretar un pouco mais os aspectos organizativos relacionados coa estrutura de persoal para este servizo.

Descrición do material que se achegue ao alumnado usuario do comedor para o desenvolvemento do programa.

Hai que deixar constancia que para a valoración deste apartado tivemos que analizar, por unha banda, os recursos materiais referidos ás actividades recollidas no programa educativo presentado, xa que en cada un dos programas e/ou actividades sinalase un epígrafe que recolle o material a utilizar. En todos estes casos parécenos acaídos os recursos propostos.

Por outra banda na páxina 30 inclúense diferentes recursos materiais con exemplificacións do soporte gráfico e material que acompañaría o desenvolvemento do programa: mediante cartaces informativos para a promoción do consumo de froitos e verduras, do calendario anual, cartelería de bos hábitos alimentarios e materiais de apoio ás xornadas gastronómicas e do Día mundial do Celíaco.

Aínda que algúns dos exemplos do proxecto educativo presentado aparecen no texto presentado en lingua castelá, faise indicación expresa de que se son adjudicatarios do servizo, os recursos didácticos de apoio ao programa que se ofrezan aos centros educativos participantes no programa editarase na súa totalidade en lingua galega.

	PUNTOS SERUNION
<i>Polo carácter educativo, lúdico, innovador e creativo do programa. (ata 10 puntos)</i>	8,00
<i>Polo seu carácter continuado e non ocasional ao longo de todo o curso escolar. (Ata 6 puntos)</i>	4,50
TOTAL	12,50



EUREST COLECTIVIDADES S.L.

Nome do programa: “Comer, aprender, vivir”.

Entidade organizadora do programa: Scolarest, departamento pedagóxico da empresa Eurest.

Descrición das actividades e programación diaria, semanal e mensual das actividades a desenvolver:

O proxecto educativo proposto por esta empresa, que relacionan coa estratexia Naos (do Ministerio de Sanidade e Consumo), substéntase no desenvolvemento dos tres eixos que se contemplan na propia denominación que dá título ao programa, considerando o comedor escolar como o entorno educativo máis axeitado para traballar a educación na saúde e o desenvolvemento de valores e da convivencia.

“Comer bien y aprender a vivir mejor” combina actuacións que teñen que ver coa educación do comportamento, hábitos de alimentación e educación en valores, para os que definen un conxunto de obxectivos ben estruturados nos tres eixes de traballo propostos, organizados como obxectivos específicos para educación infantil, ciclo medio e ciclo superior, e organizados para cada ciclo atendendo ao fomento dun estilo de vida saudable e de valores sociais (páx. 13 a 15), aínda que analizados polo miúdo vemos que para os alumnos/as de 3 anos, se inclúe como un dos obxectivos específicos “favorecer el descanso,..”, opción ésta que non se axusta ao establecido no prego de prescricións técnicas, porque non está previsto nin horario nin infraestrutura nos centros que permita contemplar esta posibilidade.

Inclúen unha proposta organizativa horaria con actividades para o servizo de madrugadores para infantil e primaria e unha proposta organizativa para o servizo de comedor dirixida ao alumnado de 3 anos, de 4 e 5 anos, e para os diferentes ciclos de primaria. Unha proposta metodolóxica interesante sobre o papel pero na que outra vez apreciamos unha falta de acomodación no programa para Santiago; pois na franxa horaria de 15:00 a 15:45 na etapa de educación infantil (3 anos), indican que é un tempo para sesta ou descanso sen ofrecer ningún tipo de proposta para este tempo.

De seguido acompañan, dunha maneira estruturada –aínda que volvemos repetir con problemas, de falta de acomodación ao programa de necesidades recollido no prego, na idade de 3 anos de Educación infantil- un plan de actividades mensual, semanal e diario para o curso escolar (páx. 17 a 21-bis).

De maneira resumida contemplan tanto para madrugadores como para o servizo de comedor, tres bloques de actividades que se repiten cada día: un primeiro tempo para o traballo de hábitos de hixiene, arredor de aseo persoal, un segundo conxunto de actividades que teñen que ver con xogos de mesa, actividades de biblioteca, paquete de xogos “Scolapack” e o desenvolvemento dun programa educativo “Matatu”. E un terceiro momento de continuidade no



traballo de hábitos de hixiene, recollida de materiais de patio e de talleres e diversas actividades tranquilas (cancións, contacontos,...). Páx. 15 bis a 16 bis.

Este proxecto educativo da empresa incorpora dous recursos de elaboración propia: *Matatu*, unha mascota creada para o desenvolvemento de actividades e talleres para facer do comedor un espazo educativo, así como a posta a disposición do programa dun produto denominado *Scolapack*-recursos educativos para o tempo libre- que pretende ser unha ferramenta educativa arredor do xogo dirixida polos monitores do programa.

Persoal encargado do desenvolvemento das actividades, con referencia expresa ao número, ao horario de dedicación presencial e a súa cualificación.

Ainda que describen as funcións do monitorado ao longo do desenvolvemento do servizo, achegando unha exemplificación do traballo dun grupo de monitores ao longo dunha suposta xornada de comedor, da análise da proposta comprobamos que non se axusta ao período horario contemplado no prego de condicións técnicas para o caso dos centros educativos do concello de Santiago que para o comedor se establece de 13:45 a 16:30, segundo o horario de cada centro. Neste senso, na exemplificación da páx. 22-bis), o inicio do servizo de comedor se sitúa ás 12 horas e remata ás 15 horas, e non aparece un horario específico de dedicación dos monitores para as actividades de despois de xantar.

Respecto do equipo educativo a implementar no servizo botamos en falta a acomodación do proposto á realidade do concello de Santiago na liña do apuntado no prego de prescricións técnicas, que xa establece a denominación e as funcións para cada posto de traballo do persoal adscrito ao mesmo, que é de obrigado cumprimento para o desenvolvemento da contrata: coordinador xeral, responsable de comedor escolar, persoal monitor de atención ao alumnado. Non obstante contemplan un equipo multidisciplinar que xunto co equipo de monitores sería quen de elaborar o proxecto educativo, a campaña escolar anual e o plan de formación para os coordinadores de zona e do equipo de monitores.

Poderíase entender, ao non especificar os membros do equipo educativo e as súas funcións que se asume a estrutura de persoal para a prestación do servizo que se recolle no prego, pero da lectura deste apartado no proxecto presentado por esta empresa, compróbase a falta de adecuación ao mesmo, non identificando en ningún momento ao concello como entidade responsable da organización do servizo de madrugadores e comedores, nin ningunha estrutura de comunicación e coordinación entre a empresa e o concello.



Descrición do material para o alumnado usuario do comedor para o desenvolvemento do programa:

Esta empresa incorpora como material educativo catro paquetes de recursos:

- Fichas Ell, recursos dirixidos ao equipo de monitores que inclúe tres tipos de xogos arredor da saúde, da solidariedade e da sostibilidade. Amósanse tres fichas tipo que recollen a descrición da actividade, obxectivos, destinatarios, lugar de realización, duración, número de participantes e material a utilizar. Inclúen un cadro donde se relacionan 32 actividades arredor do bloque referido á sostibilidade.
- Xogos pedagóxicos *Scolapack*, organizados por contidos: alimentación, actividade física, creatividade, medio ambiente, comunicación, educación viaria e bos hábitos. Acompañan unha ficha modelo co indicación de obxectivos, contidos, metodoloxía e duración.
- Xogo pedagóxico *Scolachef*: un taller de cociña móbil para a iniciación dos nenos e as nenas ao mundo da cociña. Acompañan dúas fichas explicativas deste recurso, unha do contido do taller de cociña e outro dun taller na aula.
- Xogos pedagóxicos *Ninus*: un recurso para aprender xogando, que combina a tecnoloxía e o xogo mediante probas que se realizan con diferentes soportes dixitais proxectados no solo, dirixidos polos monitores desde unha tablet, adaptando a dificultade a cada ciclo de idade tanto en castelán como en inglés.

	PUNTOS EUREST
<i>Polo carácter educativo, lúdico, innovador e creativo do programa. (ata 10 puntos)</i>	4,00
<i>Polo seu carácter continuado e non ocasional ao longo de todo o curso escolar. (Ata 6 puntos)</i>	2,00
TOTAL EUREST	6,00



RESUMO DE PUNTUACIÓNS DO CRITERIO DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLE MEDIANTE CIFRAS: APARTADO B)

“PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA SAÚDE, PROMOCIÓN DE HÁBITOS ALIMENTARIOS SAUDABLES E DO DESENVOLVEMENTO DAS HABILIDADES PERSOAIS DO ALUMNADO DO COMEDOR, CON INDICACIÓN DOS MEDIOS PERSOAIS PARA CADA UNHA DAS ACTIVIDADES PROGRAMADAS” (0-16 puntos)

BR

	PUMBARIÑO	EUREST COLECTIVIDADES	PUNTOS SERUNION
<i>Polo carácter educativo, lúdico, innovador e creativo do programa. (ata 10 puntos)</i>	7,00	4,00	8,00
<i>Polo seu carácter continuado e non ocasional ao longo de todo o curso escolar. (Ata 6 puntos)</i>	4,50	2,00	4,50
TOTAL	11,50	6,00	12,50



APARTADO C). ACCIÓNS EN PROL DO COÑECEMENTO DO SERVIZO POLA COMUNIDADE EDUCATIVA (0-6 puntos)

Valórase neste apartado que durante cada curso lectivo, a empresa adjudicataria do servizo desenvolva alomenos as seguintes actuacións informativas e divulgativas:

- *Colocación de cartelería divulgativa sobre hábitos alimentarios saudables na infancia.*
- *Celebración de alomenos unha sesión divulgativa por centro escolar, por conta dun nutricionista dirixida ás nais/pais e titores do alumnado, na que se expliquen as vantaxes do menú saudable.*
- *Invitación aos pais, nais e titores, alo menos unha vez ao ano y en coordinación coas ANPAS, a degustar os menús que se sirven aos seus fillos/as no comedor escolar.*
- *Accións formativas sobre boas prácticas medioambientais, xestión de residuos e alimentos ecolóxicos para as familias e os usuarios do servizo.*

PUMBARIÑO, S.L.

1. Cartelería divulgativa sobre hábitos alimentarios saudables na infancia.
Ademais de contemplar esta actuación informativa, tal e como se recolle no prego de cláusulas administrativas, deixan constancia de que os nenos e nenas usuarios do servizo participarán na elaboración de parte deste recurso educativo, incluíndoa no proxecto de hábitos saudables.
2. Celebración de alomenos unha sesión divulgativa por centro escolar, por conta dun nutricionista dirixida ás nais/pais e titores do alumnado, na que se expliquen as vantaxes do menú saudable.
Recóllese este apartado coa característica de que o experto en nutrición e dietética que impartirá estas sesións, será un membro da comisión pedagóxica proposta por esta empresa para a elaboración da programación anual de actividades.
3. Convite aos pais, nais e titores, alo menos unha vez ao ano e en coordinación coas ANPAS, a degustar os menús que se sirven aos seus fillos/as no comedor escolar.
Contéplase esta acción de acordo co prego de cláusulas administrativas.
4. Accións formativas sobre boas prácticas medioambientais, xestión de residuos e alimentos ecolóxicos para as familias e os usuarios do servizo.
Descríbese, de acordo co prego, un conxunto de accións formativas



concretando os obxectivos xerais, específicos, os contidos tanto para alimentación e nutrición como para a adquisición de hábitos hixiénicos e sociais no comedor escolar así como para a xestión de residuos e boas prácticas medioambientais. Na metodoloxía proposta indican que para estes obxectivos programaranse debates, dinámicas de grupo, casos prácticos e a realización de intercambio de experiencias entre o monitorado as ANPAS e as familias dos usuarios.

Os dous formadores que se encargarán destas accións serían unha bióloga e unha diplomada en Nutrición e Dietética, que forman parte da Comisión Pedagóxica.


Ademais anuncian a dispoñibilidade da páxina web, dúas contas de correo electrónico e un buzón de suxestións para favorecer a mellor comunicación cos usuarios dos servizo, coas direccións dos centros e co concello de Santiago.

SERUNION, S.A.

A empresa manifesta a súa vocación colaborativa no desenvolvemento do servizo, non só informando do mesmo senon con vontade de atender e dar resposta ás preocupacións dos usuarios, para o que poñerán en marcha aqueles recursos que favorezan unha maior e mellor relación entre os traballadores adscritos á contrata, as familias, o alumnado, os centros educativos e coas administracións.

As liñas de actuación previstas serán de forma presencial, a través do teléfono de atención aos usuarios, por medios dixitais (www.serunion-educac.com) e mediante comunicacións escritas.

1.- Cartelería divulgativa sobre hábitos alimentarios saudables na infancia. Neste apartado anuncian a colocación dun cartel de benvida na entrada do colexio ou de cada comedor escolar; un calendario anual con todas as datas de interese e celebracións relacionadas coa vida do centro; os menús de almorzos e de xantares estarán a disposición das familias e incluírán recomendacións específicas para as ceas a través do seu servizo de atención nutricional para familias. Así mesmo comprométese a elaborar un informe trimestral do alumnado de educación infantil no que se recolla unha valoración da súa evolución naqueles aspectos que teñan que ver coa alimentación e o comportamento no comedor, ademáis de facer mención expresa de que atendendo a alguna problemática particular se poda dispoñer dun informe para as familias respecto dalgunha incidencia concreta. Reprodúcese un modelo de informe trimestral no que se contemplan diferentes ítems de aspectos como: a relación do neno/a cos seus compañeiros, o seu comportamento no comedor, a súas actitude no desenvolvemento das actividades e a súa relación co monitorado do programa. Para rematar, anuncian a realización dunha campaña, a través



dunha cartelería variada sustentada en imaxes e mensaxes positivas, en prol dun maior consumo de froita e verdura.

2.- Celebración de alomenos unha sesión divulgativa por centro escolar, por conta dun nutricionista dirixida ás nais/pais e titores do alumnado, na que se expliquen as vantaxes do menú saudable.

A empresa recolle neste epígrafe que, en colaboración co concello de Santiago e coas direccións dos centros escolares participantes no programa, programará sesións divulgativas arredor de aspectos relacionados coa nutrición e a dietética dirixidas ás familias, no que ademais de traballar un conxunto de temas, resolverán as dúbidas que se lle plantexen polos participantes nas 14 sesións apuntadas, entre outras: dietas especiais e alerxias alimentarias, deseño de menús, recomendacións de xantares e ceas, hábitos saudables, contidos dunha dieta correcta.

3.- Convite aos pais, nais e titores, alo menos unha vez ao ano e en coordinación coas ANPAS, a degustar os menús que se sirven aos seus fillos/as no comedor escolar.

Propón, en coordinación co concello e cos centros educativos, a degustación dos menús servidos no comedor. No tempo de visita ao comedor a empresa informa de que se compromete a acompañar esta actividade dunha explicación sobre actividades, normas e menús para unha alimentación sana e equilibrada.

4.- Accións formativas sobre boas prácticas medioambientais, xestión de residuos e alimentos ecolóxicos para as familias e os usuarios do servizo.

Ademais de concretar os obxectivos destas accións formativas que procuran o establecemento de relación entre o entorno natural e social no que se desenvolve a actividade de comedor e de facer mención a acción arredor da mellora do medio ambiente, establece unhas competencias básicas para salientar a perspectiva educativa que representa o coñecemento e o respecto do medio ambiente. Nesta abordaxe explicitan a importancia do comedor para o traballo e a concienciación arredor dunha alimentación ecolóxica, o aforro enerxético e a recollida e reciclaxe de residuos. Dúas son as accións formativas arredor do exposto: a celebración dunhas xornadas ecolóxicas baixo o título "Eu coido o meu planeta" e actividades de reciclaxe que buscan a construción de xogos de mesa con elementos de refugallo.

EUREST COLECTIVIDADES, S.L.

1.- Cartelería divulgativa sobre hábitos alimentarios saudables na infancia. Consideran conveniente a utilización de materiais destinados a propiciar ambientes que favorezan a situación de aprendizaxe. No seu caso falan da



decoración do espazo de comedor escolar e a exposición de diferentes materiais tipo cartelería ou murais. Recóllense varios exemplos de cartelería e anuncian unhas xornadas gastronómicas das que só se fai indicación da cartería por centro de interese: comer, aprender, vivir, pero sen máis concrecións (nin de obxectivos, acción a realizar, destinatarios, etc.)

2.- Celebración de alomenos unha sesión divulgativa por centro escolar, por conta dun nutricionista dirixida ás nais/pais e titores do alumnado, na que se expliquen as vantaxes do menú saudable.

De maneira escueta sinalan que se impartirán charlas dirixidas a pais e aos docentes dos centros escolares sobre temas como os hábitos de alimentación, dietas especiais e intolerancias, estratexia Naos e técnicas culinarias mais saudables e tamén sobre como evitar o desperdicio de alimentos na casa e para concienciar ás familias na compra de produtos e o seu cociñado.

3.- Convíte aos pais, nais e titores, alo menos unha vez ao ano e en coordinación coas ANPAS, a degustar os menús que se sirven aos seus fillos/as no comedor escolar.

Baixo a denominación "Día del padre comensal", propoñen que unha vez ao ano, en coordinación coa dirección do centro e as ANPAS se invitará a asistir un día ao comedor escolar para que podan degustar os menús servidos no comedor escolar. O concello de Santiago non se recolle neste apartado a efectos organizativos e entendemos pouco afortunada a propia denominación da actividade.

4.- Accións formativas sobre boas prácticas medioambientais, xestión de residuos e alimentos ecolóxicos para as familias e os usuarios do servizo. Sinalan algunhas propostas e campañas sen concretar en que consisten, quenes son os destinatarios, nin a duración, nin os obxectivos e contidos.

Como resumo deste apartado debemos deixar constancia de que as accións presentadas para o coñecemento do servizo pola comunidade educativa é insuficiente, xa que non é un plan global de comunicación nun apartado tan sensible como este no que a coordinación co concello de Santiago, a existencia dalgún protocolo de actuación e interacción coas familias, e co propio equipo directivo dos centros de ensino debería ser obxecto de concreción por parte da empresa. Ademais debemos deixar constancia que todo o proxecto desta empresa referido ao sobre 2, está íntegramente redactada en lingua castelán, sen ningunha referencia á utilización da lingua galega no material gráfico e divulgativo (comunicacións, información, documentación, etc) tal e como se contempla na cláusula IX do prego de prescricións técnicas da licitación.

RESUMO DE PUNTUACIÓNS DO APARTADO C):

“DIVULGACIÓN DO SERVIZO”

	Puntos apartado C
PUMBARIÑO	3,00
EUREST COLECTIVIDADES	2,00
SERUNIÓN EDUCA	5,00

RESUMO DE PUNTUACIÓNS DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS: APARTADOS B e C

Como resultado da valoración dos criterios de adxudicación B e C, as puntuacións quedan como segue:


	APARTADO B	APARTADO C	TOTAL PUNTOS
PUMBARIÑO	11,50	3,00	14,50
EUREST COLECTIVIDADES S.L.	6,00	2,00	8,00
SERUNION S.A.	12,50	5,00	17,50

De acordo co exposto neste Informe, Serunión, S.A. é a empresa con maior puntuación dos criterios non avaliáveis mediante cifras ou porcentaxes para a adxudicación, mediante procedemento aberto, da “Xestión do servizo de comedores escolares para os CEIP do concello de Santiago de Compostela, durante para os cursos escolares 2015-16 e 2016-17”, como resultado da suma das puntuacións dos apartados B e C, obxecto deste Informe, cun total de 17,50 puntos.

Santiago de Compostela, 24 de xullo de 2016.

Xosé M. Rodríguez-Abella Gómez
Xefe do Departamento de Educación e Cidadanía

Beatriz Varela Morales
Técnica de Educación e Cidadanía

RESUMO DE PUNTUACIÓN DOS CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN NON AVALIABLES MEDIANTE CIFRAS: APARTADOS A, B e C

Como resultado da valoración dos criterios de adxudicación das letras A, B e C, as puntuacións quedan como segue:

	APARTADO A	APARTADO B	APARTADO C	TOTAL PUNTOS
PUMBARIÑO	0	11,50	3,00	14,50
EUREST COLECTIVIDADES S.L.	48	6,00	2,00	56,00
SERUNION S.A.	48	12,50	5,00	65,50

De acordo co prego de cláusulas administrativas apartado 10.3), páxina 11, o umbral mínimo de puntuación para continuar no proceso selectivo é de 32 puntos, polo que a empresa Pumbariño quedaría fóra do mesmo.

Santiago de Compostela, 26 de xullo de 2016.

En Santiago a 21 de xullo de 2016

Dona Julia de la Montaña Miguélez, Profesora Titular da Area de Nutrición e Bromatoloxía, do Departamento de Química Analítica e Alimentaria da Universidade de Vigo informa:

Foi contactada polo Concelleiro de Educación e Cidadanía do Concello de Santiago para desempeñar labores de asesoría no deseño das características nutricionais que deberan esixirse ás empresas que se presenten á oferta/concurso para a prestación do Servizo de cátering dos CEIP do Concello de Santiago para o curso 2016/17.

Esta prestación de servizos inclúe ademais a análise e valoración das ofertas presentadas polas distintas empresas. Analizáronse e valoráronse as ofertas das empresas en base aos criterios recollidos no apartado 10.3 Criterios de Adjudicación letra A) do Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do servizo de cátering.

Rotación dos menús: número e variedades de menús propostos.

Valorouse cun máximo de 48 puntos (10 no caso do almorzo e 38 no caso do xantar)

Atendendo a eses compromisos emítese o presente **informe**:

1.-Empresa **SERUNION**

Dita empresa acada a seguinte puntuación neste apartado.

SERUNION	A.1) Almorzo	A.2) Xantar			TOTAL	
		nº menús	Rotación por grupo	nº receitas		
		nº menús	Procesos culinarios			
Puntuación	10	10	10	6	12	48

2.-Empresa EUREST

Dita empresa acada a seguinte puntuación neste apartado.

EUREST	A.1).Almorzo	A.2) Xantar				TOTAL
	nº menús	nº menús	Rotación por grupo	nº receitas	Procesos culinarios	
Puntuación	10	10	10	6	12	48

3.-Empresa PUMBARIÑO S.L

A oferta presentada **NON cumpre** cos requisitos incluídos na Cláusula IV do Prego de Prescricións Técnicas, nos seguintes apartados:

A. Xantares:

4.A. Frecuencia de consumo semanal por grupo de alimentos.

-Semana 1 y 3 do menú de verán: non se ofrece a ración diaria de verdura crúa ou cociñada.

-Semana 1, 2 e 3 do menú de verán: non se ofrece a segunda ración de legumes.

B. Almorzos:

B.1.Estrutura: apartado d

Ofrece como graxa a manteiga en lugar do aceite de oliva virxe extra.

Polo que xa non procede a valoración do apartado 10.3 Criterios de Adxudicación letra A) do Prego de cláusulas administrativas.

O que asino en Santiago de Compostela a 21 de xullo de 2016

Dra. Julia de la Montaña Miguélez



Valoración desagregada referida o apartado A). 10.3 Criterios de adjudicación do Prego de cláusulas administrativas EMPRESA: **SERUNION**

Menú	CRITERIOS	DESCRIPCIÓN	Puntuación	
A.1. Almorzos (puntuación máx 10)	Nº de menús diferentes ofertados	Cuando se oferten 9 e 13 almorzos diferentes 6 puntos		
		Cuando se oferten 14 e 20 almorzos diferentes 10 puntos	SI	
	Nº de menús de almorzos presentados: 20			
Puntuación dos Almorzos			10	
A.2. Xantares (puntuación max. 38)	1.Nº de menús diferentes ofertados. (puntuación max 10)	Cuando se oferten 20 menús diferentes 10 puntos	SI	
		Cuando se oferten 15 menús diferentes 5 puntos		
		Cuando se oferten menos de 12 menús diferentes 0 puntos		
	Nº de menús de xantar ofertados 20			10
	2.Rotación de alimentos dentro de cada grupo (puntuación max 10)	Verdura (cociñada ou crúa) 1 rac/día. 4 diferentes/semana 2 puntos	SI	
		Froitas 4 diferentes/semana 2 puntos	SI	
		Legumes 3 diferentes/mes 2 puntos	SI	
		Carnes 5 diferentes/mes 2 puntos	SI	
		Peixes e moluscos 5 diferentes/mes, sendo 2 peixe azul 2 puntos	SI	
		Cando non se cumpran os requisitos en máis de 1 grupo 0 puntos		
		Rotación de alimentos dentro de cada grupo		
	3.Receitas diferentes en cada grupo/mes (puntuación max 6)	Cuando se oferten un mínimo de 7 receitas diferentes no grupo das carnes 2 puntos	SI	
		Cuando se oferten un mínimo de 7 receitas diferentes no grupo dos peixes e moluscos 2 puntos	SI	
		Cuando se oferten un mínimo de 7 receitas diferentes no grupo das verduras 2 puntos	SI	
Cando non se cumpran os requisitos en máis de 1 grupo 0 puntos				
Receitas diferentes en cada grupo			6	
4.Procesos culinarios	Cando se utilicen un mínimo de	SI		

	distintos en cada grupo de alimentos/mes (puntuación máxima 12 puntos)	3 procesos diferentes no grupo das verduras e hortalizas 2 puntos	
		Cando se utilicen un mínimo de 4 procesos diferentes no grupo das patacas, pasta, arroz, e legumes 2 puntos	SI
		Cando se utilicen un mínimo de 3 procesos diferentes no grupo das carnes 2 puntos	SI
		Cando se utilicen un mínimo de 3 procesos diferentes no grupo dos peixes 2 puntos	SI
		Pola ausencia de pratos precociñados 2 puntos	SI
		Cando a froita se ofrezca alomenos una vez/semana como macedonia ou brochetas 2 puntos	SI
		Procesos culinarios empregados por grupo de alimentos	12
	Puntuación dos Xantares	38	
PUNTUACION TOTAL		48	

Valoración desagregada referida o apartado A). 10.3 Criterios de adjudicación do Prego de cláusulas administrativas EMPRESA: EUREST

Menú	CRITERIOS	DESCRIPCIÓN	Puntuación	
A.1. Almorzos (puntuación máx 10)	Nº de menús diferentes ofertados	Cuando se oferten 9 e 13 almorzos diferentes 6 puntos		
		Cuando se oferten 14 e 20 almorzos diferentes 10 puntos	SI	
	Nº de menús de almorzos presentados: 18			
Puntuación dos Almorzos			10	
A.2. Xantares (puntuación max. 38)	1.Nº de menús diferentes ofertados. (puntuación max 10)	Cuando se oferten 20 menús diferentes 10 puntos	SI	
		Cuando se oferten 15 menús diferentes 5 puntos		
		Cuando se oferten menos de 12 menús diferentes 0 puntos		
	Nº de menús de xantar ofertados 20 + 20			10
	2.Rotación de alimentos dentro de cada grupo (puntuación max 10)	Verdura (cociñada ou crúa) 1 rac/día. 4 diferentes/semana 2 punto	SI	
		Froitas 4 diferentes/semana 2 puntos	SI	
		Legumes 3 diferentes/mes 2 puntos	SI	
		Carnes 5 diferentes/mes 2 puntos	SI	
		Peixes e moluscos 5 diferentes/mes, sendo 2 peixe azul 2 puntos	SI	
		Cando non se cumbran os requisitos en máis de 1 grupo 0 puntos		
	Rotación de alimentos dentro de cada grupo			10
	3.Receitas diferentes en cada grupo/mes (puntuación max 6)	Cuando se oferten un mínimo de 7 receitas diferentes no grupo das carnes 2 puntos	SI	
		Cuando se oferten un mínimo de 7 receitas diferentes en el grupo dos peixes e moluscos 2 puntos	SI	
Cuando se oferten un mínimo de 7 receitas diferentes en el grupo das verduras 2 puntos		SI		
Cando non se cumbran os requisitos en mais de 1 grupo 0 puntos				
Receitas diferentes en cada grupo			6	
4.Procesos culinarios	Cando se utilicen un mínimo de	SI		

	distintos en cada grupo de alimentos/mes (puntuación máxima 12 puntos)	3 procesos diferentes no grupo das verduras e hortalizas 2 puntos	
		Cando se utilicen un mínimo de 4 procesos diferentes no grupo das patacas, pasta, arroz, e legumes 2 puntos	SI
		Cando se utilicen un mínimo de 3 procesos diferentes no grupo das carnes 2 puntos	SI
		Cando se utilicen un mínimo de 3 procesos diferentes no grupo dos peixes 2 puntos	SI
		Pola ausencia de pratos precociñados 2 puntos	SI
		Cando a froita se ofrezca alomenos una vez/semana como macedonia ou brochetas 2 puntos	SI
	Procesos culinarios empregados por grupo de alimentos	12	
	Puntuación dos Xantares	38	
PUNTUACION TOTAL		48	